


“O pirata Dandoanota”

CONTO MOTRIZ

Iván Suárez



[Pirata en la isla con tesoro, capitán filibustero, Upklyak \(Freepik\) CC-BY](#)

Somos un grupo de piratas que percorremos os sete mares en busca de grandes tesouros. O noso barco pirata é xigantesco, e como era de agardar no seu mastro ondea unha gran bandeira negra cunha caveira. Navegamos polo océano atlántico, e imos na procura dun cofre misterioso que pertence ao pirata Dandoanota.

De súpeto, fórmase unha enorme tormenta no mar, as grandes ondas golpean con forza o casco do noso barco, así que agarramos con decisión a varanda para non caer (**pechamos os puños e apertamos con todas as nosas forzas**). Pasado un tempo, o vento comeza a amainar e xa estamos a salvo, por iso imos soltando a varanda pouco a pouco (**abrindo o puño aos poucos**).

Deixando atrás a tempestade ollamos a estribor unha pequena illa no horizonte, e decidimos fondear alí o noso barco para baixar a inspeccionala. Na beira da praia, atopamos un pequeno sendeiro que pouco a pouco adéntrase no bosque, e por alí comezamos a nosa ruta. Un tempo despois, cando xa deixamos de ver o mar, divisamos unha árbore con moitas mazás... e como xa é hora de xantar comézannos a ruxir as tripas (**facemos caricias arredor do estómago**).

Achegámonos á árbore e estiramos moito os brazos para poder alcanzar algunha apetitosa mazá (**estiramos os brazos cara arriba con forza**). Unha vez recollida a froita, achegámola pouco a pouco á boca (**achegamos as mans á boca, diminuindo pouco a pouco a presión**) e dámoslle

unha boa dentada para papala (*simulamos que estamos a morder a mazá*). Mmm... que boa pinta!

Un par de quilómetros despois atopamos unha cova na montaña e pícanos a curiosidade por saber que segredos alberga no seu interior. O problema é que para entrar hai un corredor moi estreito, e precisamos encoller moito os ombreiros para poder avanzar polo burato (*achegamos os ombros máis preto do pescozo*). Agora temos máis espazo porque estamos dentro da cova e notamos que nos pesan os ombreiros por encollelos tanto, polo que comezamos a relaxalos (*movementos circulares cos ombreiros*).

De súpeto, atopamos unha porta secreta nunha das paredes de pedra cunha estraña inscrición, pero para desbloqueala debemos pisar con forza cos dous pés unha peza que se introduce nun burato. Non é sinxelo, pois este botón atópase na parte inferior da parede, polo que precisamos deitarnos boca arriba no chan e estirar moito as pernas (*estiramos as pernas sentindo a presión sobre os nosos músculos*). Unha vez aberta a porta, deixamos de estirar as pernas e comezamos a relaxalas (*encollemos e estiramos varias veces*).

Nesta parte da cova hai moi pouca luz e dous camiños distintos, un transcorre á nosa dereita e outro á esquerda, polos que teremos que erguer o pescozo para atopar a saída correcta (*levantamos o pescozo xirando con forza a cabeza cara ambos lados*). Antes deberemos mirar arriba e abaixo para ver se hai morcegos ou algún burato no chan polo que poidamos caer (*movemos a cabeza arriba e abaixo varias veces*), pero como non vemos ningún, relaxamos o pescozo.

Finalmente, decidimos escoller o camiño da esquerda e sen avisar aparece unha bandada de morcegos, e estes animais asústannos moitísimo (*cubrimos a cabeza coas mans, agachámonos e poñemos expresión de susto na cara*). Cando se retiran os morcegos deixamos de protexernos e recuperamos a posición erguida para seguir camiñando.

A saída atópase cada vez máis preto e xa podemos ver a luz do exterior, pero aínda quédanos un último obstáculo: polas paredes da cova sobresaen unas rochas puntiagudas e teremos pasar entre elas de lado, *metendo e sacando a barriga para non mancarnos*. Unha vez superado o tramo final respiramos con calma e relaxamos a barriguiña (*deitados boca arriba realizamos varios ciclos de respiración completos* ollando como sube e baixa o diafragma).

Por fin atopamos a saída! Cando saímos da cova dámonos conta de que chove e fai moito vento, *(**polo que encollemos todo o corpo e simulamos atoparnos no medio dun furacán**)*. Pero para a nosa sorpresa atopamos un refuxio onde podemos resgardarnos da tempestade e descansar un pouco o noso corpo despois desta trepidante viaxe.

Ollamos no chan un vello cofre e... alí está o tesouro do pirata Dandoanota!